

ORIXE E PRINCIPIOS DO GRUPO

No ano 2010, a COMPAÑÍA GALEGA DE SILVICULTORES S.L. creou o Grupo SELGA, Xestión Forestal Sostible co fin de posibilitar a certificación forestal nas superficies que pertencían aos socios da Asociación Forestal de Galicia e aos membros da Mancomunidade de Produtores de Biomasa do Sur de Galicia.

Os principios nos que se asenta o Grupo son o de compromiso coa certificación forestal, tanto PEFC (seguindo o establecido na *Norma UNE 162.002 de Gestión Forestal*) como FSC (cumprindo co establecido nos *Estándares Españoles de Gestión Forestal para la Certificación FSC* e nos *Principios e Criterios FSC* tanto a corto, medio como longo prazo) co fin de promover o uso sostible dos produtos e servizos do monte. Ademais, asumiu o compromiso de non realizar actividades abertamente contrarias aos Principios e Criterios do FSC en outras áreas da nosa propiedade ou xestión que non estean dentro do ámbito do Grupo Selga Xestión Forestal Sostible.

Dende entón, o Grupo SELGA, Xestión Forestal Sostible leva desenvolvendo unha política de concienciación, formación, divulgación e seguimento dunha xestión planificada que sexa respectuosa cos valores ambientais e socioculturais que permitan un mantemento da mesma no corto, medio e longo prazo.

OBXECTIVOS

O Grupo SELGA Xestión Forestal Sostible ten como obxectivos promover a xestión forestal sostible (e así garantir ás xeracións presentes e futuras o uso e goce dos nosos bosques), crear o protocolo de actuacións necesarios que permita a certificación dos propietarios galegos ofrecéndolle, polo tanto, a posibilidade de participar nos procesos de certificación de xeito que se minimicen os seus custos e así non ameazar a viabilidade económica das unidades de xestión forestal que se poidan adscribir ao proceso. Para iso, o propio proceso de certificación, ademais de procurar a conservación de todos e cada un dos valores que existan na superficie forestal xestionada seguindo es criterios establecidos nas normas de certificación PEFC e FSC, deberá converterse nunha fortaleza permitindo que acerque a madeira certificada ao consumidor final.

Para alcanzar os obxectivos expostos, a dirección da empresa propónse:

- Establecer procedementos que permitan unha revisión continúa do cumprimento da nosa política, con seus obxectivos e principios de forma que se desenvolva un proceso de mellora continua que permita alcanzar unha calidade nos nosos servizos que permita cumprir de xeito estrito con tódolos requisitos legais e regulamentarios aplicables a nosa xestión, tanto proveñan de normativa europea, como estatal, autonómica ou local.
- Formar a todo aquel que poida ser parte interesada na nosa actividade, amosándolle os nosos obxectivos e os principios nos que nos baseamos facéndoos partícipes da nosa política.
- Para que quede constancia de este compromiso, extensible tanto ao corto como ao medio e longo prazo, farase pública esta política na web do grupo así como poderá ser enviada a todo aquel que o requirise.

Ponteareas, a 14 de novembro de 2013



Francisco Dans del Valle
Conselleiro Delegado